

A estatua castrexa de Ralle protagonizará unha xornada cultural en Taboada

A actividade, organizada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, celebrarase este sábado



A cabeza ou busto de Ralle consérvase nunha casa particular da localidade do mesmo nome, no municipio de TaboadaALBERTO LOPEZ

FRANCISCO ALBO
08/10/2019 11:13 H

A chamada **cabeza de Ralle**, unha valiosa **peza arqueolóxica da época castrexa** conservada na localidade do mesmo nome, protagonizará unha xornada cultural que a [Asociación de Escritores en Lingua Galega \(AELG\)](#) organizará este sábado no municipio de Taboada, baixo o lema «**Historias de cabezóns e loitadoras**». A actividade inscribese nas chamadas «**polafias**», que promove a sección de literatura de tradición oral da mencionada entidade. A palabra «polafia», segundo explican desde a AELG, «é un neoloxismo referido ás reunións ou veladas de carácter festivo con contidos literarios e musicais, e ten como obxectivo primordial o de poñer en valor e rescatar do esquecemento o valioso patrimonio oral, literario e musical galego».

O programa comezará ás **11.30 horas** cunha recepción aos participantes no establecemento de turismo rural Casa do Romualdo, na parroquia de Vilela. Media hora despois, os asistentes desprazaranse ata Ralle para ver a peza arqueolóxica -gardada nunha casa particular- e un importante conxunto de **esgrafiados** que se conserva na mesma localidade. A visita será guiada polo historiador e etnógrafo Xosé Manuel Vázquez. As dúas da tarde haberá un xantar de confraternización na Casa do Romualdo.

A «polafia» propiamente dita iniciárase neste mesmo lugar ás **17.00 horas** e comprenderá unha actuación musical a cargo de Francisco Almuíña e intervencións de varios veciños do municipio e da comarca, que interpretarán cantigas populares e narrarán contos e lendas tradicionais. Como en todas as «polafias», esta actividade será gravada en vídeo e difundida na web da AELG,.